



O Concello eleva un 11% o seu orzamento, ata os 7,6M€

O pleno do Concello de Cedeira aprobou un orzamento municipal de 7.628.874,31€, un 11% máis que o pasado exercicio. É todo un fito para a administración local, consecuencia dunha boa xestión que permitiu reducir a débeda e pechar 2025 cun superhábit de máis dun millón de euros. O alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil, destacou que a situación permite ter hoxe unha Cedeira coas contas saneadas, máis inversora e máis social. O capítulo de investimentos medra este ano un 80%, sen contar os proxectos do POS Complementario da Deputación, aprobado xa e que suma outros 474.163€. **Páxina 2**

sumario


» Adxudicado por máis de 135.500€ o arranxo de 11 camiños que suman preto de 4km de percorrido **Páx. 3**

» Contratadas as obras de renovación dos dous parques de xogos infantís na zona de San Isidro **Páx. 3**

» Aprobado o cambio no PXOM para a ordenación do futuro Centro de Saúde e a súa contorna **Páx. 5**

» Apoio da FEMP aos Orzamentos Participativos de Cedeira por promover unha cidadanía activa **Páx. 5**

» Luz verde ao proxecto de posta en valor dos restos da antiga fábrica de salgadura de José Soto **Páx. 6**



Avanzan os proxectos clave para o deporte

O Concello está no proceso de contratación, con dúas ofertas presentadas, da obra de ampliación da piscina municipal. Cun orzamento de case 584.000€, esta actuación financiada a través dun convenio coa Deputación vai dotar a Cedeira dun vaso de 25 metros, superando as limitacións do actual. Tamén foi contratada hai pouco, por máis de 671.000€ e contando cunha subvención que cobre o 50% do

investimento, a construción do novo Centro de Adestramento Deportivo Especializado (CADE), avanza a tramitación dunha concesión de Portos de Galicia para levantar unha nave de servizos náuticos e o Concello ten solicitado unha axuda para financiar a creación dun Centro de Innovación e Deporte nos baixos da praza da Reitoral. Son todos proxectos dirixidos a impulsar o noso deporte. **Páxina 4**



» O goberno local procurará recursos para facer unha nova ponte peonil sobre o río Condomiñas **Páx. 7**

O Concello de Cedeira eleva este ano o seu orzamento un 11%

O presuposto do Concello para 2026 é de 7.628.874,31€, un 11% máis que o do ano pasado. O importante incremento débese a que en 2025 o goberno local fixo os deberes, reducindo deuda e volvendo a unha senda de estabilidade que permite ter hoxe unha Cedeira máis saneada, máis inversora e máis social. As contas aprobáronse no pleno de marzo, nunha sesión na que o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, subliñou que 2025 pechou cun resultado en positivo de 1.045.717,29€ e que dito superávit permite dotar o capítulo de investimentos deste ano con 830.431,49€, un 80% máis que no 2025. Ademais, os recursos veñen de incrementarse tras a aprobación do do Plan Complementario do POS da Deputación, con outros 474.000€.

Moreda Gil achacou a boa saúde financeira á boa xestión e subliñou que non se recurriu a unha subida de impostos. Os ingresos por impostos directos mesmo baixaron, fronte ao incremento do recadado polo ICIO (o imposto sobre as obras e construcións), que aumentou significativamente, dos apenas 71.000 de 2024 a máis de 147.000€ en 2025.

Entre os investimentos que se van acometer están varios proxectos de mellora de infraestruturas deportivas -a ampliación da piscina municipal



e o CADE-, as actuacións en parques e xardíns e o arranxo de camiños municipais. E hai fondos para afrontar outros compromisos que se van presentar ao longo do exercicio, como por exemplo as obras de reparación do pavimento no casco vello.

O Concello destinará 269.800€ a subvencións do tecido asociativo, no que destacan os 120.000€ reservados para unha nova convocatoria, polo sistema de concorrencia competitiva, das axudas para as asociacións culturais e clubs deportivos. O mesmo sistema seguirán as axudas para comisións de festas, que pasan de 4.000 a 8.000€. Anóvanse os convenios nominativos con Protección Civil, Cruz Vermella, Apader, ABAC, asociación Pica Peixe, O Beco, A Crina, Mares de Cedeira, Arce (incrementada

A clave: liquidación do exercicio 2025

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, incidiu na evolución positiva da situación económica que a xestión do goberno municipal conseguiu o ano pasado. Apuntou que no exercicio de 2024 o Concello investiu por riba das súas posibilidades, incumprindo as regras de estabilidade presupuestaria. “Foi un toque de atención, e en 2025 seguimos investindo unha cantidade importante, de máis de 922.000€, pero sen superar os límites -sinalou-; nós garantimos que cada obra que se fai se pode pagar, mantendo os servizos e blindando o futuro de Cedeira”, dixo Moreda Gil. “Presentamos un orzamento expansivo de 7,6 millóns de euros grazas a que saneamos as contas e logramos superávit”, subliñou o alcalde.

en 1.000€) e Banda de Música de Cedeira, así como a aportación para a Escola de Música Vila de Cedeira, á que este ano lle corresponden 34.500€ porque vai rematar a concesión de catro anos e volverá a convocarse o proceso, polo sistema de concorrencia competitiva, no segundo semestre.

Seis proxectos máis, cos fondos do POS

A Deputación da Coruña acaba de confirmarlle ao Concello a aprobación doutra inxección de 474.163€ para investimentos, no marco do plan complementario do POS+2026, do que xa estaban consignados nos Orzamentos Municipais 659.883€ para gasto corrente e 77.633€ para gastos sociais extraordinarios. Así, contan xa coa

consignación presupuestaria outros seis proxectos. Son o de “Mellora de accesos e corrección de deficiencias no grupo escolar de Saa”, valorado en 137.955,48€, así como outros dous para a ampliación da rede de saneamento do municipio -un deles en Guillade, na parroquia de San Román, por 73.322,60€ e o outro en Veriño de Abaixo, en Régoa, por 53.878,93€-.

Afrontarase tamén con estes fondos a instalación da nova fonte da Marieta (43.148,13€), e a reforma do parque infantil do Floreal (77.920,06€).

Por último, financiarase con fondos do POS un proxecto de mellora de camiños nos núcleos de Santallamar, Cordobelas, Magoira e Os Candales, valorado en 87.937,81€.

Arranxo de once camiños rurais e outros investimentos en curso

O Concello vén de adjudicar por 135.520€, a mellora de once camiños municipais que suman preto de catro quilómetros de percorrido. É unha actuación con financiamento do POS+2025 e que se enmarca no programa continuado de mantemento das pistas municipais que desenvolve o goberno local. Os camiños son os 799 e 795, que van de Cimadevila á DP 2202; o 634 da Riba; o 669 de Penadaguía-Fragoso-DP 2202; o 676 de Fragoso; o 576 de Penadaguía; o 96 do Beco; o 86 da rúa Floreal; o 163 do Lugar Agrochao a San Cosme de Piñeiro; o 147 do Lugar Agrochao e o 192 de Esteiro ao Camiño Real da Madalena.

O Concello está só pendente da luz verde da Xunta para levar adiante o arranxo doutros tres camiños da zona rural, que suman 3,2 quilómetros, nun proxecto que conta con financiamento municipal e tamén do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.



Trátase dos viais de Esteiro, Ervellás e Pontigas, o primeiro en San Fiz de Esteiro e os outros dous na parroquia de Regoa. O orzamento é de 81.496,98€ (IVE incluído).

Tamén está listo o e só pendente da autorización da Xunta o proxecto para implantar redes separativas

de recollida de augas residuais e pluviais na rúa Moeche, coa intención de superar os atascos que sofren as canalizacións neste punto en momentos de choivas intensas. É unha actuación que se vai facer co respaldo do Fondo de Compensación Ambiental e que está orzamentada en 91.556,67€ (IVE incluído).

Está tamén en proxecto, e solicitada unha axuda para levalo adiante, a mellora do Camiño do Beco, unha obra orzamentada en máis de 106.000€.

Hai pouco puxéronse en marcha unhas reparacións puntuais do pavimento do casco vello, que non puideron facerse antes por mor das choivas. Desde o goberno local recordan que estes arranxos se realizan sen prexuízo da actuación máis definitiva que se acometerá seguindo as recomendacións do Centro Tecnolóxico do Granito, que está a elaborar un informe.

Obras nos dous parques de xogos de San Isidro

A Xunta de Goberno de Cedeira adjudicou as obras de posta ao día dos dous parques de xogos da zona de San Isidro: o da praza da Constitución e o da área recreativa da Madalena, incluídos na proposta de investimentos do POS+2025. En total, as actuacións custarán preto de 247.000€ e servirán para reparar e ampliar os elementos de xogo, así como para renovar os pavimentos.

Por unha parte está o proxecto para o parque de xogos da praza da Constitución, que saíu a concurso cun prezo de 90.879€ e se adjudicou por 87.580€. Neste conxunto, destinado á cativada con edades máis temperás, está previsto colocar un novo chan

e pasar dos cinco elementos de xogo actuais a oito. A poucos metros dalí, renovarase tamén o parque da área recreativa da Madalena. Cambiarase o pavimento de caucho e levantarase a maior parte dos aparellos para reparalos e reubicalos. Colocaranse outros novos, entre os que estará un barco de máis de 124m² de planta e un balancín carrusel cuádruple. Ampliarase a superficie que ocupa o parque, dos actuais 343m² a preto de 415.

O Concello ten tamén en tramitación e orzamentada a obra de renovación integral do parque de xogos da praza Floreal. O espazo actual ocupa 124 metros cadrados, que se ampliará ata os 201m² con esta actuación.

Lavadoiros de Beco, Malde e Tide

O goberno local solicitou financiación dos fondos Feader, a través do programa de Desenvolvemento Rural, para acometer o proxecto de rehabilitación dos lavadoiros do Beco, Malde e Tide. É unha actuación para a que xa se buscara o apoio do plan de corrección de impactos paisaxísticos do Instituto de Estudos do Territorio, sen éxito. As obras teñen un orzamento de 43.435,09€ (IVE incluído). O lavadoiro do Beco está na parroquia de San Cosme de Piñeiro e os outros dous na de Santa María de Régoa. Os tres presentan un estado avanzado de abandono e gran parte das súas estruturas están cubertas pola vexetación.

A ampliación da piscina, o CADE e outras actuacións para o deporte

O deporte é un sinal de identidade de Cedeira, e desde o Concello faise unha aposta clara neste sentido. Foron moitos os investimentos que se fixeron nos últimos anos, e actualmente o goberno local está a avanzar noutros importantes e ambiciosos proxectos para dotar ao noso deporte de mellores infraestruturas.

Licitación da ampliación da piscina municipal



O Concello vai resolver en breve a licitación da obra de ampliación da piscina municipal, que ten un orzamento de partida de 583.924€, dos que a administración provincial asume 300.000€ e a local custea os máis de 280.000€ restantes. Dúas empresas concorriron ao proceso de contratación.

Tal como se informou, a piscina, de 16 metros de longo, vai crecer pola fachada leste. O vaso actual, de 16,2x8,3m, pasará a ter 25x11,6m, e toda a instalación mellorará tamén en superficie de praia e na eficiencia enerxética.

Contratada a construción do novo CADE

O Concello acaba de adjudicar, por 671.550€ (IVE incluído) e cun prazo de execución reducido a sete meses, a construción do Centro de Adestramento Deportivo Especializado (CADE). Levantarase nunha parcela de titularidade municipal, ata o momento baleira, xunto ao Polideportivo e o campo de fútbol do Beco. O Concello xestionou

unha axuda de 344.899,75€ do Fondo Adicional de Cooperación Local, que cubre a metade do investimento, e aportará de fondos propios o outro 50%. O CADE ocupará un edificio de pranta rectangular, con cuberta a dúas augas, que constará de planta baixa, primeiro e baixocuberta, con 182, 196 e 117 metros cadrados de superficie útil respectivamente. No baixo haberá unha zona de vestíbulo-recepción, un espazo de adestramento e aseos e vestiarios adaptados. O primeiro piso albergará outra zona de adestramento, vestiarios, unha sauna e sala de musculación. O baixo cuberta empregárase como almacén.

Trátase dunha infraestrutura especialmente importante para os clubs de triatlón e remo de Cedeira, con deportistas de alto nivel que están a acadar grandes éxitos en competicións nacionais e internacionais.



En trámite a concesión para unha nave de servizos náuticos

O Concello formalizou a comezos deste ano a solicitude para que Portos de Galicia aprobe unha concesión demanial para levantar unha nave de servizos para actividades náuticas. A previsión é construír un edificio de 300 metros cadrados -con planta rectangular de 15x20m- no que actualmente é zona de aparcadoiro, coa finalidade de servir como almacén de embarcacións e para albergar outros servizos orientados ao Club de Remo local. O orzamento da actuación é de 312.612,50€. O lugar



elixido está próximo á rampla pola que as embarcacións entran e saen do mar. A maior parte da nave será diáfana para facilitar o almacenamento de embarcacións. Resérvanse 24 metros cadrados para vestiarios e 120 para un ximnasio.

En proxecto o Centro de Innovación e Deporte

O goberno local de Cedeira ten tamén en proxecto a rehabilitación e dinamización do local situado no soto na praza da Reitoral para convertilo no novo Centro Municipal de Innovación e Deporte. O CMID configúrase como un espazo multiusos de dinamización deportiva, social e económica. O programa de actuación conleva un gasto de 195.450€ a executar en dous anos. Abrangue a rehabilitación do local -95.000€-, e a contratación dunha técnica municipal que se encargará da dinamización do espazo e da atención ás persoas usuarias. Prestarase orientación e acompañamento deportivo, asesoramento para o emprendemento no sector, organización de accións formativas, eventos e actividades e un programa de impulso ás mulleres deportistas. Para afrontar a actuación, o Concello presentou a comezos de ano a solicitude dunha axuda ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico que podería chegar a cubrir o 90% do orzamento previsto, de algo máis de 195.000€. O proxecto devolvería a actividade a un local municipal que se proxectou como mercado en 2012 e que, na práctica, só se emprega como almacén e está infrautilizado.

O pleno aprobou o cambio do PXOM para o Centro de Saúde

Houbo voto unánime a favor, no pleno da corporación, para sacar adiante a modificación puntual do PXOM que vai permitir obter a parcela do novo Centro de Saúde. A actuación dará pé, tamén, á ordenación viaria da contorna. O Concello aprobou a modificación do PXOM en febreiro e agora o expediente está a completar a tramitación necesaria diante de Costas e da Xunta, para dar paso finalmente á posta dos terreos a disposición da Consellería de Sanidade.

Esta modificación puntual nº2 do PXOM de Cedeira afecta a un espazo de máis de 7.445 metros cadrados situados entre o campo de fútbol do Beco e as rúas Río da Veiga -na que está a Estación de Autobuses- e Deporte. Nese ámbito defínese unha bolsa de chan de 3.665 metros cadrados para o futuro Centro de Saúde e 3.781m² que van ser urbanizados con viarios, aparcamentos e beirarrúas. Cómpre recordar que o Concello tivo que mercar, por un total de 75.500€, dúas

parcelas privadas na rúa Río da Veiga para completar a dotación de chan necesaria nesta actuación.

O pleno dá luz verde á modificación puntual despois de ter todos os informes técnicos precisos e de superar o período de información pública. O goberno municipal de Cedeira recorda que a reurbanización da zona vai repercutir positivamente na mobilidade, porque permitirá a apertura completa do trazado da rúa Río da Veiga, conectándoa a Pitilleira. O programa de actuación contempla a creación de 44 prazas de aparcamento en superficie e a plantación de especies arbóreas nas beirarrúas.

O novo Centro de Saúde de Cedeira, clasificado como de prioridade 1 no Plan de Infraestruturas do Sergas, substituirá ao actual e ofrecerá os servizos e a cobertura necesaria para unha poboación de 6.500 persoas, que se ampliarán ata as 10.000 no caso do Punto de Atención Continuada, no



que tamén se vai atender a xente doutros municipios como Valdoviño e Cerdido, e ata 15.000 no do servizo de fisioterapia, que recibirá a persoas dos citados municipios e tamén de Moeche e As Somozas. Cos 3.665m² que se van poñer a disposición do Sergas, moi superiores aos 2.000m² que inicialmente solicitou a Consellería, o Concello garante que se van poder satisfacer as necesidades actuais e tamén futuras da poboación. O actual Centro de Saúde pasará no seu momento a mans do Concello, que poderá empregalo para ofrecer novos servizos á cidadanía.

Apoio da FEMP aos Orzamentos Participativos

O Concello recibiu unha axuda de 8.000€ da convocatoria "Proxectos Xuventude 2025/2026" da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP). Cedeira é unha das 30 localidades que recibiu este apoio, establecido pola Comisión de Mocidade e Infancia da FEMP a través do Injuve, co obxectivo de impulsar a mellora dos servizos para a poboación infantil e xuvenil. Financiáronse proxectos que xeran novas fórmulas de participación, promoven unha cidadanía activa e melloran as capacidades das persoas mozas de desenvolver actividades e proxectos do seu interese.

O Concello de Cedeira financiará con esta axuda os custes da formación e da



campaña divulgativa da sexta edición dos Orzamentos Participativos Escolares que se está a desenvolver coa participación de todos os cursos de ESO, Bacharelato e o CM de Mantemento Electromecánico do IES Punta Candieira, así como do plantel docente. No mes de marzo

recolléronse 116 proxectos -109 do alumnado e 7 do profesorado- e agora o departamento de Mocidade e Ensino do Concello de Cedeira está a analizalos co gallo de incorporar á asemblea, na que se votará para elixir os que van ao pleno, aqueles que sexan factibles técnica e economicamente dentro da contía de 20.000€ (cifra destinada a debate). Este ano teñen prioridade as propostas de Medio Ambiente e Sustentabilidade, Saúde e Benestar e Patrimonio Cultural e Memoria democrática. A asemblea está prevista para o 21 de maio na Biblioteca do centro. Está publicada xa a listaxe dos proxectos, indicando se son viables ou non e as causas, xunto coa súa contía.

Luz verde á posta en valor dos restos da fábrica de salgadura de José Soto

Tanto Costas como Patrimonio da Xunta outorgaron xa ao Concello de Cedeira os permisos necesarios para levar adiante o proxecto de posta en valor dos restos da fábrica de salgadura que quedaron á luz coas obras de rexeneración da praia da Madalena. O areal tivo ata sete factorías nas que se preparaba o peixe con sal para a súa conservación, todas desaparecidas entre os anos 1955 e 1960, e o feito de que se destaparan durante a obra vai dar pé a esta intervención. Quedarán xa definitivamente protexidos e á vista estes elementos, xunto a un panel informativo sobre que supuxo aquela industria na vila mariñeira de Cedeira.

Desde a Concellería de Cultura e Patrimonio explican que o que se destapou coas obras foron unhas cimentacións de tres dos muros da planta rectangular dunha daquelas fábricas, concretamente unha liña de quince metros de lonxitude e dúas perpendiculares de sete metros, cunha media de altura de 40 centímetros. Era a fábrica de José Soto, que co tempo e os cambios de donos chegou



a ser máis coñecida na localidade como a “do Xenio”. A intervención prevista, deseñada polo equipo de Axa Arqueoloxía, consistirá en completar a escavación dos restos, proceder a súa limpeza e consolidación, e engadir dúas fiadas para darlle algo máis de altura ás estruturas. Na mesa informativa que se vai situar xunto aos restos haberá fotografías antigas e unha reprodución dixital de como era aquela planta en concreto, explicación do traballo que se facía nestas fábricas e datos que permitirán valorar a importancia daquela industria.

O Concello buscará recursos para facer unha nova ponte sobre o Condomiñas

A ponte peonil de madeira sobre o río Condomiñas está cortada ao tránsito desde o pasado 14 de abril, cando técnicos do CIS Madeira determinaron que o seu mal estado podería revestir perigo e que non é viable a reparación. Así, o Concello de Cedeira vai proceder canto antes á súa retirada e procurará a continuación a financiación necesaria para substituíla por outra ponte, tamén de madeira, adaptada ás normas actuais en canto a seguridade.

A ponte ten arredor de trinta anos e presenta diferentes eivas, entre elas a separación entre o taboleiro e os elementos laterais, fendas lonxitudinais e deterioro superficial da madeira. O Concello de Cedeira acometera ao longo dos anos varias reparacións, unha arredor de 1995 e outra no ano 2022.



Abril e maio, meses de promoción da lectura e celebración das Letras Galegas

A Biblioteca López Cortón asumiu o protagonismo da programación cultural de Cedeira no pasado abril, con motivo do Día do Libro, e tamén en maio, polas Letras Galegas. O vindeiro martes, 19 de maio, a biblioteca acollerá dúas actividades para celebrar a festa do 17 de Maio. Pola mañá desenvolverase un acto co alumnado do IES, arredor de Begoña Caamaño, e pola tarde inaugurarase un obradoiro de escrita creativa.

Está aberta a inscrición para dito obradoiro, que leva por título “Reescribir

o pasado, empoderar o futuro” e que se vai desenvolver en tres sesións de dúas horas o martes 19 e os días 26 de maio e 2 de xuño. O programa, que será impartido por Ánxela Lema e Sara Villar, vai render homenaxe a Begoña Caamaño e á súa obra, na que destaca a mirada feminista, crítica, empoderada e transformadora da literatura.

Chega este obradoiro despois de que o pasado abril se puxera en marcha o curso de escrita creativa “Fala memoria”, do que xa se celebraron dúas sesións

na Biblioteca. Neste caso, a escritora e realizadora audiovisual Alicia Freire Vera é a encargada de impartir o curso para unha decena de persoas.

A Biblioteca está tamén de actualidade pola campaña “Para, colle e le”, coa que cada día, ata que remate maio, se están a regalar libros á veciñanza. As obras que cada mañá se colocan no banquiño da entrada proceden dos procesos de expurgo levados a cabo na Biblioteca Municipal e de doazóns que o centro non ten capacidade para recepcionar.

Máxima calidade da auga da Madalena e de Area Longa

O Concello de Cedeira recibiu recentemente a notificación do Departamento Territorial da Consellería de Sanidade segundo a que a calidade das augas das praias de Area Longa e a da Madalena acadaron a clasificación de “excelente”. É o máximo nivel establecido pola normativa vixente na materia e desde o goberno local subliñan a importancia deste resultado, ao tempo que se reafirma o compromiso co mantemento e mellora das zonas de baño e co obxectivo de garantir espazos seguros, limpos e de calidade para o disfrute de toda a veciñanza.

A máxima calidade en canto a clasificación sanitaria que chega agora para o presente 2026 é unha nota que se repite invariablemente desde o ano 2020. Non fora así anos atrás, por exemplo en 2011 e 2012, anos de insuficiente, ou en 2013, cando obtivo un suficiente. A situación foi mellorando paulatinamente, con un “ben” en 2018 e 2019, e acumula xa seis anos na mellor situación nos controis que realiza a Consellería de Sanidade.

Novo investimento da Deputación nos accesos a Teixido

A Deputación da Coruña aprobou o proxecto de Mellora da capa de rodadura da estrada DP2204 de Cedeira-Chímparra, do punto quilométrico 1+390 ao 2+495 e da estrada DP2206 de As Pontigas a San André, do punto quilométrico 0+000 ao 0+320. A administración provincial vai investir 203.448,42€ nesta actuación, que mellorará as condicións do tráfico rodado no acceso ao núcleo de Teixido. Cómpre recordar que a Deputación Provincial acometeu nos últimos anos outra importante mellora na estrada que leva a San André de Teixido, concretamente a mellora na zona do Rego de Tide.

O Concello consensuou o proxecto do xardín litoral

O goberno municipal debatiu e consensuou coa cidadanía, a partir dunha asemblea aberta, que se celebrou o pasado 5 de marzo, o proxecto de xardín litoral que se vai implementar na zona do muro do paseo marítimo ata a zona da desembocadura do río da Veiga, despois das obras de rexeneración dunar realizadas polo Ministerio de Transición Ecolóxica. A finalidade desta actuación é mellorar a integración visual e paisaxística de toda a zona. O diálogo coa veciñanza permitiu consensuar unha solución un pouco máis limitada en canto á superficie que a inicialmente proposta polo Concello, así como restrinxida a especies autóctonas.

O xardín litoral ocupará unha superficie total de 4.488 metros cadrados, desde o colexio ata a desembocadura do Río da Veiga, no que actualmente hai unha cobertura herbácea desigual, así como algunhas especies arbustivas e arbóreas, sobre un sustrato que é fundamentalmente areoso. É todo o espazo que está entre a empalizada situada na parte traseira da duna e o paseo marítimo, no que as especies vexetais plantadas recentemente, no marco do proxecto do Ministerio, non están cumprindo todavía de forma eficaz a súa función de retención e fixación.

O proxecto contribuirá a mellorar dito aspecto e creará un espazo axardinado integrado na contorna litoral, respectando o seu carácter paisaxístico e ambiental. Segundo o programa consensuado coa veciñanza, plantaranse arbustos e árbores -carballos, bidueiros e loureiros- e instalarase un balado de madeira nunha zona concreta para ver de recuperar as orquídeas que tiñan existido na zona. Instalaranse bancos e habilitaranse zonas de sombra, ao tempo que se crearán varios itinerarios peonís con pizarra, respectando aqueles puntos que xa eran de paso.



Obras de reparación dos danos polos temporais

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco) está a executar unhas obras de urxencia para reparar os danos causados polos numerosos temporais deste inverno na praia da Madalena, cun investimento de 250.000€.

A actuación consiste na reparación do encauzamento do río e na recolocación de area, actuacións destinadas a recuperar as condicións naturais da Madalena e garantir a súa capacidade de resposta fronte aos temporais. Foi anunciada nunha visita que realizaron o pasado marzo á localidade o subdelegado do Goberno, Julio Abalde, e o xefe de Demarcación de Costas, Carlos Gil.

Trátase de recuperar a funcionalidade da praia como espazo natural, de uso público e tamén como elemento clave de protección fronte á erosión costeira.

Cedeira respira deporte

Que Cedeira respira deporte é unha realidade, máis aló dun lema. E como proba, a gran tempada que pecharon ou están a piques de pechar os clubes deportivos da localidade, cuxo traballo quere poñer en valor o Concello.

Ao Club Natación Cedeira cómpre recoñecerlle a fazaña de levar o nome de Cedeira aos primeiros postos de competicións estatais e europeas de triatlón. Hai que salientar a Damián Suárez Couto, campión da Copa de Europa en Quarteira e prata na de Europa de Torremolinos, así como a Lucas Riola, prata en Quarteira e oitavo no clasificatorio para o Campionato de España elite en Fuente Álamo. Na base, Irene García Nebril foi campioa de España cadete de duatlón, en Avilés, e campioa galega en Muros. En canto a natación, o club cedeirés tivo tamén resultados relevantes. Iván Gómez Caneiro, formando parte da Selección Galega, acadou postos de finalista no Campionato de España alevín en Madrid (6º en 800, 7º en 400 e 9º en 200 libres), e proclamouse campión galego en 100, 200, 400 e 800 libres. Pola súa banda, Maia Pardo Barreto foi campioa galega en 800 libres e subcampioa en 100, 200 e 400 libres, mentres que Antón Castro Freire logrou un meritorio 4º posto en 400 libres no campionato galego.

Xunto coas medallas, houbo outras recompensas para o traballo do Natación Cedeira: Damián Suárez Couto recibiu o galardón de mellor deportista novo da Federación Española de Triatlón; Xan Xosé Suárez Vilela foi nomeado mellor adestrador pola Deputación da Coruña e o club



recolleu, por terceiro ano consecutivo, a insignia de prata das Escolas de Excelencia da FETRI.

Tamén podemos presumir en Cedeira dos logros do Club de Remo. A tempada comezou co Campionato Galego de Remoergómetro, que se disputou en Noia e ao que Cedeira mandou 25 deportistas. Volveron co ouro en infantil feminino, bronce en discapacitado intelectual masculino, ouro en veterán masculino, ouro en relevos alevín masculino e bronce en relevos infantil feminino. Chegou despois o campionato de España da mesma categoría, disputado en Cartaxena, da que o club trouxo unha medalla de ouro na categoría infantil feminina. No mundial, que se celebrou nas mesmas datas, Cedeira tivo dous podios: o bronce para Marcos Casal e outro bronce e un cuarto posto para o veterano Xusto Pérez.

O Club Remo Cedeira retomou nesta tempada o banco fixo cos máis pequenos e puido participar na liga de bateis. Competiron un equipo alevín masculino e dous infantís, feminino e masculino. O alevín masculino

clasificouse para o campionato galego e estivo a un segundo da final. No pasado abril, os remeiros Joaquín Montero e Marcos Casal viaxaron ao Open de Beach Sprint, na Liña da Concepción, onde Casal obtivo un sexto posto que lle abriu as portas do equipo nacional. E máis recentemente, na Regata Internacional Queima das Fitas, o club cedeirés recolleu catro metais. Dous foron para Leire Hermida, ouro na súa categoría, sub 15, e prata na sub17, e outros dous primeiros postos conseguíronos Alejandro Villadóniga e Diego Loureiro e Claudia Loureiro e Sofía López co dobre scull en sub13.

Temos que celebrar a permanencia que vén de asegurar o primeiro equipo do Cedeira SD en Primeira Futgal, así como o traballo dos seus dez equipos nas competicións de liga, desde os prebenxamíns ata os veteranós. Pola súa banda, o club Discalzas SD está no sexto posto da táboa de terceira feminina, a falta da última xornada, e pendente dunha resolución que podería levalas á final da III Copa Feminina de Ferrol. Pisa forte o Pádel de Cedeira, que esta tempada ten catro equipos nas Series Nacionais, e abraia o éxito da escola Street Dance Cedeira, que con tan só tres anos de existencia está a gañar primeiros postos en competicións galegas e nacionais.

Cedeira destaca tamén como destino deportivo, e cómpre salientar que a última fin de semana de maio disputarase na vila a Copa Convivencia Alevín de fútbol e que o 13 de xuño acolleremos a xornada final da Liga Galega de Karate, unha disciplina que o club local está a promocionar con éxito entre a mocidade. Precisamente o traballo coas nenas e nenos pequenos é o que máis destaca o Cedeira Basket Club, que este ano ten tres equipos en competición. Parabéns!!!